

POLO CORAZÓN DA TERRA

Xulio López Valcárcel

Unha iniciativa de



co apoio de



GUNTÍN

Non lembro xa o nome pero non esquecín as súas longas pernas, a súa beleza fería, facía dano de tan fermosa. Foi naquel verán dos trece anos. Os aprobados de xuño devolvéranme a Guntín. Vexo a presa do Ferreira, os ameneiros, chopos, cerdeiras bravas e salgueiros das orelas, os prados circundantes nos que xogabamos nós e durmiñaban elas, con traxes de baño de cores, como gacelas mórbidas. Daquela aínda non se fixeran as piscinas actuais. Volvo agora a Guntín, a estrada descingue as curvas como quen desanoa un trelo e aí está a casa onde fun neno. Aquí cheguei por primeira vez con seis anos.

Guntín é concello grande en extensión, 156 quilómetros cadrados, un dos máis grandes da provincia, pero escaso en poboación. Tense dito que a proximidade a Lugo o prexudica, mais tamén podería ser un aliciente, converterse nunha zona residencial coas vantaxes inherentes que iso tería. Como di Xesús Carreira, o alcalde, “do que se trata é de harmonizar o encanto do mundo rural coas comodidades da cidade”. Desde o punto de vista económico domina o sector primario, con explotacións familiares nas que agricultura e gandería van asociadas.

Terra de Pallares, o conde que lle deu apelido, Guntín de Pallares, de vizosas paisaxes, interesantes monumentos e vistas admirables. A beleza natural dos ríos, Miño, Lavadoiro, Colmeiro, Ferreira, vese acentuada neste último por mor da man humana coa construción dun paseo fluvial. Dá gusto camiñar baixo as densas sombras das árbores que se espellan nas augas. Partindo da presa, cabo das piscinas, o paseo leva por un vieiro apracible á ponte Cabalar, monumento emblemático. A ponte é medieval, esvelta e grácil, rotunda na súa beleza, ben recuperada e integrada nun marco que non desmerece. Une as marxes do Ferreira cunha encosta de certa intensidade. O lugar era pasaxe da vía romana que ía de *Brácara* a *Lucus*. Construída con lousa, destacan tres arcos medios de perfecta harmonía.

Ferreira, Ferrería -hoxe cun criadeiro de troitas-: os topónimos advirten da presenza do ferro. En efecto, o mineral mantivo aberta unha mina da época romana que condicionou en parte o desenvolvemento da vila. Á poboación local xuntábase xente de fóra que viña traballar e que se instalaba como podía. Os mineiros levaban o po ferruxento incrustado na pel. Como unha tatuaxe, como un estigma. Hai anos que se esgotaron as minas ou que non resultaban rendibles.

Existen abondosos castros e restos arqueolóxicos de interese, como os gravados rupestres da Pena da Ermida, en Monte de Meda. Mámoas en Vilameá, menhires e monólitos na Goia, dolmens e medorras no monte Ladairo, onde antigamente se facía carbón coas uces. Destacan tamén as ruínas da fortaleza medieval da Mota, construída no século IX por Ero Ordóñez, conde de Lugo. Conxunto defensivo, danado nas revoltas irmandiñas, conserva parte do recinto amurallado. Mais, sen dúbida, o monumento máis salientable é o mosteiro de Ferreira de Pallares, cargado de historia e de lendas. É de estilo románico de transición e presenta algunhas pezas de carácter visigodo. O claustro e o mausoleo dos Taboada son os elementos máis valiosos. Foi a comezos do século X cando os condes don Ero e dona Laura fundaron e dotaron con largueza este mosteiro, activo durante centos de anos e centro da vida municipal ata o século XIX, momento no que se produce a exclaustación e a definitiva decadencia.

Na misa do domingo anunciara o cura a visita pastoral do bispo Antonio Ona Etxabe para practicar a Confirmación. A solemne liturxia tería lugar en Ferreira e aló fomos tripando a xiada unha mañá de inverno. O bispo, de imponente corpulencia, daba a bicar o anel no que cintilaba un rubí enorme. A tediosa cerimonia e o frío reinante fixo estragos nos cativos. Á volta, algún neno destemido contaba con detalle o que o cura e el falaran na confesión. Escandalizábanse as mulleres, máis condescendentes os homes. O que non se tolerou foi a brincadeira do Garea, severamente reprendido por facer un xogo de palabras co nome do bispo, "*Antonio, cona!, a chave...*" Malia todo, a rexouba gozou de notorio éxito durante unha tempada, "*Antonio, cona!, a chave...*" -reclamaba calquera nun momento dado, chamábase Manuel ou Luís o aludido e viñese ou non a conto a anécdota.

Paisaxe, hospitalidade e gastronomía, cos singulares pementos de Mougán, converten Guntín nun lugar ideal de visita e de descanso.

PORTOMARÍN

Uns meses antes de desaparecer o vello pobo acudín ás Festas do Cristo co avó Xesús. A curta idade impedíame enxergar o drama da xente, a sombra que pairaba sobre o pobo ameazado. Pero non esquecín os comentarios, entre o pavor e a admiración, encol dun home que se resistía a abandonar a súa casa. Requiríano as autoridades, convencíano amigos e

familiares, mentres a altura das augas subía incesante. “*Xa chega ao primeiro andar*” -comentaban, alarmados. A vivenda podía derrubarse en calquera momento, pero nada, el seguía teimudo negándose a abandonar a casa na que morreran os seus pais e el nacera. Finalmente fora desaloxado pola forza, disposto a morrer afogado, cando xa a auga do encoro campaba polos cuartos...

Do pobo vello de Portomarín son visibles, ao baixar as augas, as pontes do seu nome, dúas, unha construída en 1933, a carón doutra medieval, á súa vez construída sobre outra anterior, romana. Cabo delas, máis alta, a construída en 1960. Nas grandes estiaxes, como a do 2007, pódense ver os restos das casas, aló no fondo, como buracos tráxicos, e mesmo, dobre morte, o cemiterio. “*Pons minee*”: da *ponte* que lle é lóxica, a *porto*; e *minee*, de Miño, a *marín*, de *mariño*, outra oscilación que Elixio Rivas considera frecuente nas linguas. Lugar de paso obrigado para os peregrinos de Santiago, hai noticia desde o século X de camiñantes por este lugar. O mesmo confirma o *Codex Calixtinus* ao referirse ao “*portazgo*”, que tamén podería explicar o nome da vila. Labor recadatorio polo que se aboaba unha taxa por pasar a ponte. Burros de catro e de dúas patas tarifaban diferente. Desaparecido o pobo antigo, construíuse outro en costa, na marxe sul do río, soportalado e de vivenda única. Non é feo, pero non se adapta ás características nosas. Conflúe a rúa principal nunha praza porticada situada no cimo. Preside o conxunto a igrexa fortaleza de San Nicolás. Resultan admirables as arquivoltas da portada principal, na que destaca un gran rosetón. Para nós o máis fermoso é a nudez dos muros, lisos, altos, cun elegante xogo de arcos e pilastras que serve para distinguir entre o castelo da parte alta do edificio e o culto relixioso da inferior.

Minucioso traballo requiriu a enumeración, traslado e reconstrución pedra a pedra do edificio orixinal. Era o símbolo, a preservación emotiva e espiritual do pobo asolagado. Correspóndelle o mérito ao arquitecto Pons Sorolla. A igrexa, do século XII, algo máis tardía ca Catedral de Santiago, foi custeada pola Orde de San Xoán de Xerusalén, hoxe de Malta, que sobrevive aínda con funcións asistenciais. Nela deberon intervir artesáns do obradoiro do mestre Mateo, en razón ás imaxes do Pórtico e á súa distribución.

Portomarín celebraba os “Domingos folclóricos”, nos que participaban grupos de bailes. Acudía xente de toda a contorna. Da gastronomía, as cobizadas anguías e a augardente son o produto estrela. A Orde dos Cabaleiros da Alquitara reúne cada ano os membros desta simpática agrupación.

MONTERROSO

No corazón da Ulloa, Monterroso. Un marco chantado a carón da Ponte Pedriña, no límite entre Monterroso e Antas de Ulla, acredita o centro xeográfico da nosa Terra. Aquí latiu o corazón da Galiza medieval, escenario de liortas e insurxencias. Na batalla de Sirgal decidiuse aló polo 900 a sorte do Reino de Galiza. Monterroso podería ser hoxe a capital se outro fose o desenlace daquela batalla. Galiza foi o único reino dos que formaban parte do máis amplo de León que se opuxo á integración no novo reino de Castela. Nesa mítica batalla de Sirgal a resistencia galega foi esmagada, e Galiza convertida nun simple satélite de Castela, sen soberanía propia.

De base económica agrícola e gandeira, cun modesto tecido industrial, é hoxe unha vila puxante, malia a crise demográfica, común a todos estes pobos. Calquera data é boa para visitar Monterroso. No verán recomendamos A Peneda, un complexo de piscinas e de instalacións deportivas que aproveitan os primeiros pasos dun atoutiñante río Ulla, outra das arterias deste corazón, que deseguida colle folgo e chega a ser navegable no seu curso final. Na Peneda hai espazos coidados de céspede para gozar do sol e frescas sombras de ameneiros e carballos. O recendo do churrasco pon unha nota gorentosa no ambiente.

As festas patronais son en setembro, en honor a San Miguel, pero a data festiva principal é a da feira, a Feira de Monterroso, de sona en toda Galiza. Celébrase o primeiro de cada mes. A máis grande e importante é a de Santos, que se remonta a mediados do século XV. Lugar de confluencia de expositores, de transacción e negocio, converteuse nun aparello de propaganda e no motor económico do concello. A feira de Santos é esperada todo o ano. Coincida ou non en festivo, axencias bancarias, oficinas e comercios permanecen abertos. Alegre balbordo colorista, a feira divídese en tantas partes como produtos ofrece: queixo, embutidos, froitos da outonía, roupa, trebellos de labranza, maquinaria. Desfile de tipos populares, escaparate de usos e costumes, a parsimonia, a astucia, o cálculo e o estudo do contrincante, definen o xeito e a estratexia dos feirantes. Aparentar indiferenza, simular que se desbota o trato e que se abandona o lugar, eran tácticas case sempre eficaces.

De Monterroso, parroquia de Fufín, foi o poeta Lorenzo Varela, Xesús Manuel Lourenzo Varela Vázquez, 1916-1978, “presente na memoria do seu pobo”, que tivo e ten en Fernando Salgado o seu principal

valedor. Tamén nós nos sumamos lendo os seus versos, a mellor homenaxe:

*Louvar eu louvara, María Balteira,
túa saia leda,
que a carón da morte, ó vela na danza
semellando pombas redor dun pombal...*

ANTAS DE ULLA

De Monterroso a Antas, que toda esta viaxe que estamos a relatar se pode facer en poucas horas. O ideal é instalarse nunha casa rural das moitas que hoxe existen e, establecido ese refuxio, visitar a zona, facer algunha ruta e gozar da gastronomía, rica e variada: a vitela, o queixo, o mel... De resonancias megalíticas, o seu nome: Antas. Da época protohistórica foron os poboadores prerromanos destas terras. Así o demostra a cantidade de mámoas, medas ou medorras. As antas son as chantas, as pedras visibles que integran un monumento megalítico, aínda que por extensión aplícase o nome ao conxunto da cámara funeraria e ao túmulo que a recubre. Vestixios dunha relixiosidade primitiva e misteriosa, é imposible subtraerse á emoción que nos produce contemplar esas manifestacións primitivas da espiritualidade humana. A capital é Seoane, unha vila pulcra e discreta, cunha igrexa nova e un curiña que canta moi ben. Urbanizada en 1974, Antas celebra a feira o dez de cada mes. Paga a pena achegarse polas festas do San Xoán, ou á dos Remedios, a primeiros de setembro. Nas inmediacións da vila houbo en tempos o denominado “campo das antas”, así chamado polo número de menhires existente, campo pagán que despois sería debidamente cristianizado, co espolio dos monumentos e coa construción dunha capela.

Antas esténdese na aba do Farelo, 951 metros, do que arrincan o resto de montes e lombas que forman a orografía comarcal e encanan as augas cara o Ulla, ao que está supeditada toda a hidrografía da bisbarra, cos seus afluentes, todos de esquerdas, Estanco, Vilarfonxe, Ermida, Frádega, Peibás e Timós, se non moi cumpridos no caudal, si na sonora eufonía do seus nomes. A vexetación, determinada pola humidade que chega do Atlántico, 125 días de chuvia ao ano, abunda en especies orixinarias: carballos, castiñeiros, piñeiros, bidueiros, freixos; ademais das froiteiras, maiormente pomares, pereiras e cerdeiras.

Nunha aldea próxima, en Fábregas, hai unha fonte de augas medicinais, manantío utilizado polos veciños para combater as enfermidades das vías respiratorias. A súa composición analítica é semellante ás do balneario de Panticosa, en Huesca, onde veraneaban reis e príncipes. Pero estas de Fábregas nunca foron explotadas. No referente a supersticións diremos que na citada Ponte Pedriña, eran célebres os encontros de trasgos, canouros e demiños, pero tamén de bruxas chuchonas e lascivas que se aparellaban en aquellarre co macho cabrún, encarnación de satán, eternamente en celo e encelado.

Dispón Antas de arquitectura meritoria, como a igrexa románica de A Moexa, ou os pazos de Santa Mariña e Amarante. Terras ricas, xentes pacíficas, nun medio rural esmorecente. Cómpre unha reactivación e unha mellora das condicións actuais. Como en tantos outros sitios a poboación envellece e o futuro non pinta claro, a desvalorización do traballo rural e o éxodo da xuventude ás cidades están no cerne do problema.

PALAS

Palas de Rei, *palatium regis*, en alusión á posible localización neste lugar da corte do rei visigodo Vitiza, entre os anos 702 a 710. Aquí daría morte a Fabila, pai de don Pelaio. Para outros, hospedaría de xurisdición real, o nome está documentado desde o século XII. Domina a chaira aínda que na parte norte atopemos a serra do Careón, de resonancias lourencianas, co Corno do Boi e o propio Careón. Un paso estreito entre estas dúas cimas é aproveitado polo Ulla, río de configuración moi variada, penetrando profundamente nas entrañas das terras altas e amansándose para facerse navegable no curso baixo. Marcado pola historia, Vía XIX romana e Camiño de Santiago coinciden cunha distancia de mil anos. Camiño francés na Idade Media, camiño real na Idade Moderna. Camiño físico e camiño símbolo. Quen era capaz de chegar a Palas, etapa anterior a Santiago no *Códice Calixtino*, podía dar a xeira por vencida. Desde o Rosario, que os devotos rezaban en acción de grazas, enxergaban o Pico Sacro.

Calquera que se achegue a Palas debe visitar ambos monumentos, un da arquitectura relixiosa e outro da militar. O primeiro, Vilar de Donas, foi milicia da Orde de Santiago entre 1194 e 1746. Dedicados a protexer os peregrinos, aquí tomaban hábito, celebraban capítulo e chegado o pasamento eran enterrados, como un privilexio, os cabaleiros. Un feixe de

doazóns inzou o seu poderío económico; as propiedades alcanzaban terras das catro provincias.

Do antigo mosteiro fica en pé a igrexa, de finais do século XII, o mellor monumento románico dos existentes no concello. Nun dos lados do adro, aberto, está a entrada principal do templo. É de admirar a grande arcadura abucinada do pórtico na que atopamos as figuras de San Bartolomeu, San Miguel, a Virxe e o neno. Reparemos tamén na cornixa e na porta, na que locen artísticas ferraxes renacentistas. Vilar de Donas coñeceu momentos de esplendor e de decadencia, sobre todo a partires da desamortización. Tampouco en épocas anteriores faltaron irregularidades. Traémolas aquí polo detalle histórico e polo simpático e revelador que resulta: Dada a escaseza de freires relixiosos, os priores valíanse a miúdo de monxes seculares. As carencias de idoneidade e formación alcanzaban límites escandalosos, a xulgar polo informe emitido nunha das visitas de control instauradas polos Reis Católicos. Na xirada en 1503 á igrexa de Codesedo dise: *“Es cura de la dicha yglesia un Gonçalo Rodrigues, clérigo de la orden de San Pedro, y avida ynformación fallaron que el dicho Gonçalo Rodrigues es ynhabile porque apenas sabía desir quales y quantos eran los mandamientos, ni los pecados mortales ni sabía dar razón de los sacramentos e que el dicho Gonçalo Rodrigues avia sido amançebado y tenía no solamente una mançeba mas dos y tres y cuatro, y honse o doze hijos e hijas”*. A cousa, sendo curiosa, non debía ser tan estraña cando uns anos antes, en 1498, se afirmaba, *“en todo el Reyno de Galizia es costumbre que los clérigos poseen mugeres e fijos publicabamente y ansy lo usavan los priores de este convento de Villar de Donas”*...

Imos deseguido ao outro monumento, o castelo de Pambre, situado na marxe esquerda do río do mesmo nome. San Pedro de Pambre tivo parroquia, aínda conserva a capela, anterior ao propio castelo, exemplo humilde do románico. Dito en palabras rotundas, o castelo é a mellor mostra da arquitectura militar medieval que existe en Galiza. De planta rectangular, con torreóns cadrados, a esvelta torre do homenaxe no centro da fortificación, todo o conxunto é un exemplo de elegancia e de esvelteza. Unha elevada e robusta muralla vaise adaptando ao montículo que o rodea pola fronte e polos flancos. O desnivel do terreo e o propio río eran barreiras naturais que dificultaban o acceso por detrás. Os adarves ameados están sostidos por grandes ménsulas de pedras en chanzos. As paredes de pedra branca son lisas, sólidas, cunha limpeza e perfección que semellan acabadas de facer. Gustavo Ozores de Ulloa foi o principal artífice da fortaleza, erguida nos derradeiros anos do século XIV,

de regreso de Francia, onde estivera refuxiado, partidario de Pedro I, despois da derrota de Montiel. Pambre foi a única fortaleza que resistiu indemne as arremetidas dos briosos irmandiños.

TABOADA

Taboada recende a pan tenro, incenso balsámico que conforta o ánimo. Dá gusto achegarse á panadería da Elia en día de festa e ver desfilar as fontes cos asados: lacóns dourados de codia torradiña que estala entre os dentes, años, polos de curral, empanadas de anguías ou raxo, tortas de améndoa, de noces. Unha marabilla. É certo que Taboada ficou ancorada a nivel industrial e cunha achega de edificación menor que outras vilas da contorna. Disque foron os propios taboadenses, donos de solares, que nin construíron nin deixaron construír, a causa de que o pobo fose minguando. Malia iso, a recente instalación dunha fábrica de pensos, coa creación de bastantes postos de traballo, pode mudar a economía e o desenvolvemento do pobo.

Terra de pazos onde as haxa, cada cal máis interesante. En Outeiro Pequeno, San Mamede, está a Torre de Abaixo. En Esperante, o Pazo do Vilar, fundado por Alonso Lope de Lemos e Inés de Castro. Perfectamente recuperado, o Pazo de Perrelos érguese magnífico no medio dunha ampla explanada. Pasou por diversos destinos. Residencia nobiliaria, cuartel militar durante moito tempo, ocupado polas tropas na guerra da Independencia, acolle hoxe unha importante explotación gandeira. A destacar a espléndida balconada da solaina. Do de San Pedro, a un tiro de pedra da capitalidade, saíu don Lope de Taboada, alférez de Carlos I. Participou ao servizo do emperador nas guerras de Francia e Flandres. A mediados do século XVI fundou o morgado desta casa con xurisdición nun extenso territorio con moitos vasalos e padroados eclesiásticos, entre eles o de Ferreira de Pallares e Oseira.

Sería en tempos de Filipe IV cando se lle concede a Xoán Ribadeneyra o condado de Taboada. Este Xoán de Ribadeneira, morto aos corenta e seis anos da súa idade, descansa e soña a improbable resurrección da súa carne na igrexa de Bemibre, alfaia románica sita nas inmediacións do pazo, con estatua xacente e un digno epitafio que comeza, “Respira más que xaz neste arco o que mereceu en vida moitos trunfais...”

Conserva aínda Taboada os grandes soutos, as sombrizas carballeiras, os regatos rumorosos, abundantes fontes... Unha paisaxe

anterior á corrente uniformista que hoxe nos ameaza. Numerosos castros, como o de San Lourenzo ou o de Castelo. Neste último, visible desde varias leguas á redonda, arde a noite coa queima das fachas nos primeiros días de setembro; rito ancestral, lume que sinala o solsticio de verán e a chegada do outono.

Os mitos conviven coa realidade: no Couto hai unha cidade asolagada. Melancólicas damas bagullan pérolas en demanda de amor. O brillo das pérolas cega os ollos dos incautos namorados que xa non poderán abandonar a doce prisión dos seus brazos. Hai destinos peores. Castro Candal existiu pero foi asolagado, aínda se albiscan as fantasmais construcións cando afonda a estiaxe. Como en Antioquía, tamén se escoita cantar os galos na mañá prodixiosa de San Xoán.

Sempre é grato regresar aos eidos orixinarios, percibir o paso das estacións, escoitar o silencio dos soutos centenarios no que de tempo en tempo golpean como gotas pesadas nun estanque solemne os ourizos ao caer, nota musical entre outras do vento, das árbores, dos regatos... O Club Náutico en Mourulle, as estupendas instalacións deportivas da Medela nas que os seráns de verán adormecen lentamente, son outras opcións para o lecer.

CHANTADA

E imos xa cara a Chantada, visita imprescindible. De todas as vilas visitadas Chantada é a única que conserva un casco histórico de interese. A rúa Principal, porticada, foi en tempos unha verdadeira ágora, lugar de paseo e de encontro. Podemos admirar a Casona de Lemos, hoxe Casa da Cultura, restaurada por Manolo Gallego. Parello a esta rúa Principal está o Cantón, no que se erguía a fortaleza de Chantada, do Marqués de Astorga, da que hai noticia en 1547. No Cantón celébranse sesións nocturnas de cinema no verán, representacións teatrais e actuacións musicais. Ao fondo, a Alameda, amena de sombras, xardín cinxido polo río Asma, paseo fluvial enmarcado por un peirao que evita as antigas enchentes que asolagaban esa zona. No poderío das casas, en rúas e prazas podemos observar o pasado nobre da vila. Unha vila que non descoidaba a cultura. Eran célebres o faladoiro da liga de amigos do Casino, benemérita institución que segue a concitar a maioría dos actos culturais. Pródiga en personaxes singulares, de Chantada saíron escritores, xuristas, científicos, deportistas... Don Xosé Costa Figueira, patrucio dunha estirpe de escritores, sintetizou con encomiable laconismo e fortuna toda unha

sabedoría vital: *“ao chegar a certa idade, pouco coño, moita coña e un chisquiño de coñac...”*

A expansión urbanística foi acometida con xeito. A popularmente coñecida como *“Calle Nova”*, especie de bulevar cun paseo central para os peóns, escoltado nos laterais por múltiples tendas, locais comerciais e cafeterías, é o eixo vertebrador da parte máis recente.

Agricultura e gandería seguen a ser o soporte económico principal, coa produción de leite e carne. Certa relevancia teñen tamén as castañas, fundamentais antes da chegada da pataca. Novos sistemas para a súa recollida fixeron esquecer métodos tradicionais; en desuso quedaron as ouriceiras, recantos dos soutos nos que se amoreaban os ourizos. Alí amolecían unha tempada para seren logo debulladas as castañas co mango dun angazo e anciñadas sen dificultade, evitando as molestas espiñas. Tampouco non se secan nos canizos. Hoxe comercialízanse a nivel industrial para o marrón glacé, conxeladas, en pasta, en xarope e secas. Nos últimos tempos acadou importancia a recollida de mazás, que se destinan á elaboración de sidra, con boa saída comercial. Pero indubidablemente a produción máis importante é a de viño, o famoso viño de Chantada, aínda que moitas ribeiras quedaron asolagadas baixo as augas do embalse. Non moi importantes, existen unha serie de fábricas e empresas.

Rematamos con dúas propostas: ir ao Faro, monte Faro, lugar sacro, desde cuxo cimo se albiscan as catro provincias, con comarcas ben diferenciadas, a de Camba na vertente do río Arnego e do val de Oseira; a de Chantada pola banda do Miño, a do sul coas fontiñas do Arenteiro..., ou acudir por bancais e socalcos ás ribeiras do Miño, nun outono como o deste ano, alongado en pálidos ocre, púrpuras e ouros sobre o río inmóbil. As dúas son boas alternativas para perderse. Ou para atoparse?